

NORMAS, CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN E PAGAMENTO

- ★ Requisito imprescindible estar empadroadado no Concello de Santiago.
- ★ Pódese participar por mes ou por semana, tendo prioridade as solicitudes de mes.
- ★ Matrícula e pagamento: formalizarase o pagamento unha vez estea confirmada a praza. Confirmarase a través de exposición pública nos taboleiros informativos dos centros socioculturais e accedendo a paxina web www.santiagosociocultural.org. O aboamento farase en conta do Concello cumprimentando a folia específica que se recollerá nos propios centros socioculturais, indicando o nome do/a neno/a. En ningún caso haberá devolución da matrícula. A matrícula inclúe o pagamento das entradas a instalacións que se oferten no programa de actividades.
- ★ E obriga do adjudicatario da praza respectar as normas establecidas pola organización con respecto as actividades e o uso das instalacións.
- ★ As familias que soliciten bolsa deberán acreditar a condición de solicitante.

Non poderá participar quen non entregue a documentación asinada. O número máximo de nenos-as que pode anotar cada persoa é 4 (exceptuando se son familia numerosa de máis de 4 fillos). Se por algún motivo o/a neno/a non pode asistir nalgunha das xornadas, debe avisar no centro.

Ademais: non deixes de informarte na rede de centros socioculturais doutras ofertas de conciliación familiar e laboral organizadas nos locais socioculturais por entidades veciñais e culturais.

dñ: manujas creativas



Vive o
verán!

ORGANIZA



COLABORAN



Viaxandoando Polo mundo!

Os parques e zonas verdes da cidade non só nos ofrecen tranquilidade e sombra, senón que son un lugar inmejorable para xogar, descubrir, coñecer, escoitar. Os centros socioculturais son espazos próximos a zonas verdes.

VIAXANDOANDO POLO MUNDO, pretende potenciar esta faceta do verde urbano, recuperar eses espazos para os nenos e nenas, a través de actividades predeportivas, de animación á lectura, expresión corporal e danzas, xogos de exterior, manualidades, saídas e visitas culturais, novas tecnoloxías.

VIAXANDOANDO POLO MUNDO é campamento urbano, promovido pola Concellaría de Cultura e Centros Socioculturais e a Concellaría de Benestar social do Concello de Santiago orientado a favorecer a conciliación da vida familiar e laboral das familias de Compostela e promovendo, entre outros, valores cívicos, de igualdade, ecolóxicos, de respecto pola natureza, a participación e o traballo en grupo. Baixo o lema da interculturalidade: o coñecemento da nosa propia cultura e tamén da doutros lugares do mundo, os/as participantes gozaran dunha imaxinaria viaxe polo mundo.

A quen vai destinado?

A nenos e nenas de familias empadroadas en Santiago de Compostela que teñan entre 6 e 12 anos cumpridos.

Cantas prazas hai?

30 prazas no CSC José Saramago de Vite.
30 prazas no CSC Aurelio Aguirre de Conxo.
40 prazas no CSC das Fontiñas.

Cando vai ser e en que horarios?

Do 1 ao 30 de xullo
De luns a venres dende as 7:45 h ata ás 15:15 h

Modalidade de Participación

Mes completo | Semanas

Onde vai ser?

Haberá tres localizacións en centros socioculturais a escoller ata dúas polo participante no momento da preinscrición: CSC Jose Saramago de Vite, CSC Aurelio Aguirre de Conxo, CSC das Fontiñas, e ademais, as actividades estenderánse aos parques e outros espazos da cidade e contorna.

Que prazos de solicitude e prezos ten?

Período de preinscrición e entrega de documentación: do 30 de maio ao 7 de xuño nos centros socioculturais, en horario de 9:00 a 14:00 h e 17:00 a 21:00 h.

Publicación de listas de admitidos/as e reservas: nos taboleiros informativos dos centros socioculturais cabeceira e na web santiagosociocultural.org a partir do día 15 de xuño.

Formalización da matrícula e pagamento: do 20 ao 24 de xuño (en horario de mañana), entregando o resguardo de pagamento da actividade no CSC onde obtivera a praza.

Pozo: 100€ mes completo | 25€ semana

Bolsa de axuda: haberá 30 bolsas con bonificación do 25% do importe da matrícula. Para acollerse a este desconto deberá presentar: copia da nomina ou xustificante doutros ingresos (RISGA, pensión, prestación por desemprego. Declaración xurada de ingresos, acompañado do xustificante da tarxeta de demandante de emprego no Servizo Galego de Colocación como xustificante de que non recibe prestación).

Quen ten preferencia?

As solicitudes presentadas para participar o mes completo. De ser necesario, por terse recibido un maior número de preinscricións que prazas ofertadas, resolverase por sorteo público na data do 13 de xuño, no centro sociocultural que se indique.

Que documentación teño que presentar xunto coa folla de preinscrición?

- ➔ Documentación para solicitude de bolsa, se procede
- ➔ Fotocopia da tarxeta sanitaria do/a neno/a
- ➔ Fotocopia do libro de familia e DNI do neno/a
- ➔ Anexo datos médico-sanitarios: facilitaráselles nos centros socioculturais

Onde me podo informar?

En calquera centro sociocultural do Concello de Santiago, en www.santiagosociocultural.org ou en viveoveran@santiagodecompostela.org

Onde se poden recoller as follas de preinscrición:

Nos Centros socioculturais e tamén descargandoa na web www.santiagosociocultural.org
CSC José Saramago de Vite Rúa de Carlos Maside 7 · 981542490 | **CSC Aurelio Aguirre de Conxo** Praza de Aurelio Aguirre 1 · 981 528740 | **CSC O Ensanche** Rúa de Frei Rosendo Salvado 14-16_981543001 | **CSC das Fontiñas** Rúa de Berlín 13 · 981528750 | **CSC Agustín Bueno do Castiñeirío** Rúa da Virxe de Fátima 1 · 981542459